

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 8 de xullo de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 08/07/2019
- II. Asistentes á CGIC do 08/07/2019
- III. Modificación dos Títulos de Grao:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - (i) Memoria Final, (ii) Relación competencias-materias, (iii) Certificados colaboración con empresas, (iv) Informe de respostas
 - b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - (i) Memoria Final, (ii) Relación competencias-materias, (iii) Certificados colaboración con empresas, (iv) Informe de respostas
- IV. Guías Docentes das Titulación da EME:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - c. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- V. R1-DO0202 P1 Plan de Promoción do Centro:
 - a. Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción e Captación do Centro 2018/2019
 - b. Plan de Promoción e Captación do Centro 2019/2020
- VI. Rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:
 - a. IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
 - b. IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados

Ábrese a sesión ás 10 horas e 30 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2019.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade desde a anterior sesión da CGIC:

- O 4 de xuño de 2019 publicáronse os resultados do **Docentia anual 2016/2017**; na seguinte táboa faise nunha comparativa cos resultados do curso anterior.

Titulación	% Profesorado avaliado	Moi Favorable		Favorable		Suficiente		Desfavorable	
		15/16	16/17	15/16	16/17	15/16	16/17	15/16	16/17
Grao EE	96	8	10	34	32	3	4	6	17
Grao ERME	80	3	4	14	11	1	2	1	8
Máster Enxeñaría Minas	81	3	8	23	14	1	1	0	2
Máster Xeoinformática	73	1	2	5	5	0	0	2	1

Cabe sinalar que non se pode realizar unha análise precisa dos resultados do programa no Grao en ERME porque o profesorado tido en conta neste grao é só o profesorado das materias non comúns co Grao en EE. No relativo ao Máster en Xeoinformática, título interuniversitario, cabe sinalar que os datos corresponden ao profesorado da UVIGO.

Desde a Área de Calidade solicitouse ao centro a remisión da información relativa aos méritos rexistrados para a súa inclusión no programa **Docentia anual 2017/2018**; esperábase enviar a información o 3 de xuño pero aínda estase a facer a recompilación dos datos do centro.

- O 10 de xuño de 2019 pechouse o prazo para a participación do alumnado e profesorado nas **Enquisas de Satisfacción coas Titulacións oficiais de Grao e Mestrado 2018/19**. Durante o proceso difundíuse a información dispoñible e fomentouse a participación dos grupos de interese, lográndose alcanzar finalmente unhas porcentaxes de participación bastante altas nas titulacións da EME.

Titulación	Porcentaxe participación alumnado 2019	Porcentaxe participación alumnado 2018	Porcentaxe participación profesorado 2019	Porcentaxe participación profesorado 2017
Grao EE	29	41	39	61
Grao ERME	55	21	59	67
Máster Enxeñaría Minas	100	54	77	84
Máster Xeoinformática	0	–	43	–

- O 19 de xuño de 2019 a Área de Calidade remitiu unha proposta-borrador do procedemento do Sistema de Calidade “**IA01- Xestión dos recursos materiais e dos servizos**”, que substituirá aos actuais procedementos “PA07 Xestión dos recursos materiais” y “PA08 Xestión dos servizos” que quedaban por revisar dende a súa edición do ano 2009. Solicitan que se fagan achegas: suxestións, comentarios...
- O 25 de xuño de 2019 publicouse a resolución definitiva do programa de materias **English Friendly**, convocado o 7 de xuño. Na lista definitiva hai 10 materias da emE. Na plataforma Docnet indicouse o carácter “*English Friendly*” destas materias e habilitouse a publicación da guía en inglés.
- O 26 de xuño de 2019 a Área de Calidade, no novo marco de seguimento e acreditación institucionais, lembra os criterios aprobados e informa acerca das titulacións e os centros que van ser avaliados nesta convocatoria. Neste caso o centro ten que pasar o programa institucional de avaliación de re-certificación do Sistema de Calidade. A avaliación é realizada pola Área de Calidade, en base a información

contida no IRPD, ata o 31 de xullo. O prazo para presentar alegacións e accións de mellora reamata o 13 de setembro.

- O 2 de xullo de 2019 publicáronse no Portal de Transparencia os indicadores de inserción laboral SIIU 2012/2013 e 2013/2014.
- Relación de rexistros do SGIC actualizados na plataforma do SEIX dende a anterior sesión da Comisión de Calidade:
 - DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas:
 - R1-DO0201 P1 PDA do centro (4 titulacións, curso 2018/2019)
 - R2-DO0201 P1 POD das titulacións (curso 2018/2019)
 - MC05 Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios (PAESU):
 - R1-MC05 P1 a R5-MC05 P1: non proceden xa que non hai actividades específicas do centro para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias
 - IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores: mantense vixente o documento aprobado na Comisión de Calidade do 4/6/2018.
 - R1-DO0301 Plan operativo de información pública: mantense vixente o plan aprobado na Comisión de Calidade do 15/11/2017.
 - R1-DE02 P1 Panel de indicadores: non procede xa que non se teñen feito solicitudes de novos indicadores.
- Alertas de Rexistros Pendentes no SGIC:
 - R1-DE03 P1 Informe de Revisión Pola Dirección: a Dirección segue a traballar nel e se tratará na próxima CGIC neste mes de xullo.
 - IT02-PA07 Ficha de solicitude: pendente de que remate a fase de solicitude de recursos materiais e se resolvan as peticións.
 - R2-PE02 P1 Informe de responsables académicos: á espera dos resultados das enquisas de avaliación docente e do DOCENTIA quinquenal.
 - R4-DO0201 P1 Procedemento de seguimento e control da docencia: á espera do remate do proceso de seguimento da docencia do curso 2018/2019.

3. Aprobación, se procede, do informe de respostas ás alegacións e memorias definitivas das propostas de modificación do grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Presidenta explica que, trala aprobación da memoria provisional na Xunta de Escola do 30 de maio de 2019, se habilitou un prazo de exposición pública de 15 días para presentar alegacións e/ou suxestións e comenta que as que se recibiron poden clasificarse en:

1. Procedentes das alegacións e suxestións presentadas pola comunidade universitaria: alumnado, PDI e PAS
2. Procedentes da revisión realizada pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, da Área de Calidade e do Servizo de Xestión de Estudos de Grao
3. Procedentes da revisión das Comisións de Elaboración das propostas (trala integración nas mesmas de representantes de alumnado, empresas, persoas egresadas e PAS).

A Presidenta procede a detallar o contido das alegacións presentadas á memoria provisional do Grao en Enxeñaría da Enerxía e a súa valoración por parte da Comisión de Elaboración da proposta. A continuación detalla o contido das alegacións presentadas á memoria provisional do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e a súa valoración por parte da Comisión de Elaboración da proposta. A información relativa ás alegacións presentadas e a súa valoración por parte das comisións de elaboración recóllese no Anexo III a este acta.

Finalmente a Presidenta sinala que, na documentación enviada aos membros da Comisión de Calidade, nos documentos dos dous graos figura información que conviría actualizar e que detalla a continuación:

- Para os dous graos a información do epígrafe no que se presenta a relación de persoal de administración e servizos do centro, dado que figura a información de postos de traballo cando se compartían estes servizos coa Escola de Enxeñaría Industrial e agora compártense coa Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- Para o Grao ERME sinala que a información relativa á descrición do profesorado non é correcta. Indica que a información relativa a este punto obtívose do Portal de

Transparencia da Universidade de Vigo, seguindo indicacións do Área de Calidade, pero detectouse que a devandita información só contempla o cadro de profesorado das materias non comúns co Grao en EE. Solicitouse a información actualizada á Unidade de Análises e Programas da Universidade para incluíla na memoria e estase pendente de recibila.

A Presidenta pide autorización á Comisión de Calidade para modificar a información destas dúas cuestións específicas cando se dispoña dela.

Ábrese unha quenda de intervencións. No debate fálase de como é o sistema de adaptación entre plans de estudos e propónse cambiar na memoria a expresión “prácticas curriculares” por “prácticas” xa que non ten sentido nos graos.

A Comisión aproba por asentimento os informes de respostas ás alegacións e as memorias definitivas das propostas de modificación do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2019/2020.

A Presidenta lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da comisión por email (Anexo IV). A continuación cede a palabra a María Araújo, coordinadora do GERME, que comenta pequenas modificacións de última hora non incluídas nas guías enviadas aos membros da Comisión de Calidade para a súa revisión e aprobación. As modificacións son menores:

- un intercambio na orde de dous temas na materia *Xeofísica, xeoquímica e xeotermia*
- pequenas modificacións na guía da materia *Calor e frío* propostas, o mesmo día da celebración da Comisión de Calidade, polo novo coordinador da materia trala xubilación do profesor Manuel Vázquez.

Engade que a materia *Xeoloxía* sae do programa *English Friendly* posto que non se traduciu en prazo a guía docente ao inglés, tal e como esixía a normativa do programa. Desta maneira, para o curso 2019/2020 ofértanse 9 materias *English Friendly* entre os dous graos.

A continuación Teresa Rivas, responsable da revisión das guías docentes do MUEM, comenta os problemas de asignación de profesorado e coordinadores detectados nos documentos enviados aos membros Comisión de Calidade e que vai contactar cos técnicos de Docnet para que o solucionen inmediatamente.

A Comisión aproba por asentimento as guías docentes das tres titulacións.

5. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro.

A Presidenta explica que este rexistro está formado por dous documentos (Anexo V) que foron enviados con antelación aos membros da comisión:

- **Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción e Captación do Centro 2018/2019** no que se recollen as actividades de difusión realizadas no devandito período, seguindo o plan de promoción aprobado o pasado curso.
- **Plan de Promoción e Captación do Centro 2019/2020** no que se recollen as actividades de difusión previstas para o próximo curso.

Fai unha breve exposición dos documentos e indica que ambos foron elaborados por José Santiago Pozo Antonio, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o seu traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Aclara que no segundo documento falta recoller o concurso MULLE.RME do que se vai facer unha nova edición.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro.

6. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:

- IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
- IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados.

A Presidenta cede a palabra ao Coordinador de Calidade que lembra que a documentación relativa a este punto (Anexo VI) foi enviada previamente por correo electrónico; explica que estes rexistros foron elaborados pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Ana M^a Cacheiro, e que neles detállanse as empresas adxudicatarias dos servizos, permanentes e contratados, así como as actuacións levadas a cabo para a súa adxudicación e/ou renovación.

Teresa Rivas pregunta a quen chegan as QSP relativas ao funcionamento dos devanditos servizos, en que procesos de calidade se tratan, que posibilidade de acceso temos a esa información e se a Comisión de Calidade da EME pode participar dalgún xeito na toma de decisións. O Coordinador de Calidade recolle a pregunta e cando teña información a trasladará á comisión.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos.

7. Rogos e Preguntas.

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a oito de xullo de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 08/07/2019

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 8 de xullo de 2019 na Sala de Xuntas do módulo de Dirección ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2019.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do informe de respostas ás alegacións e memorias definitivas das propostas de modificación do grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
4. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2019/2020.
5. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro.
6. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:
 - IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
 - IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados.
7. Rogos e Preguntas.

Vigo, 1 de xullo de 2019

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 08/07/2019



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 08 de xullo de 2019	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidad
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Escusan a súa asistencia	
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado



ANEXO III

Modificación dos Títulos de Grao:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - (i) Memoria Final
 - (ii) Relación competencias-materias
 - (iii) Certificados colaboración con empresas
 - (iv) Informe de respostas

- b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - (i) Memoria Final
 - (ii) Relación competencias-materias
 - (iii) Certificados colaboración con empresas
 - (iv) Informe de respostas



ANEXO IV

Guías Docentes das Titulacións da EME:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- c. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas



ANEXO V

R1-DO0202 P1 Plan de Promoción do Centro:

- a. Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción e Captación do Centro 2018/2019
- b. Plan de Promoción e Captación do Centro 2019/2020



ANEXO VI

Rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:

- a. IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
- b. IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados